

Os determinantes - pronomes indefinidos e interrogativos

Estes determinantes aparecen moi a miúdo nos textos gregos e, por tanto, é interesante identificalos.

Igual que en castelán ou galego, malia que expresan algo indeterminado, teñen distintos significados.

Τις, τι “alguén, algún, algunha, algo” e τίς, τί “quen, cal, que”

	INDEFINIDO				INTERROGATIVO			
	M/F S	N S	M/F P	N P	M/F S	N S	M/F P	N P
Nom. Voc.	τις	τι	τινες	τινα	τίς	τί	τίνες	τίνα
Acc.	τινα		τινας		τίνα		τίνας	
Gen.	τινος		τινων		τίνος/ του̃*		τίνων	
Dat.	τινι		τισι(ν)		τίνι/ τῶ*		τίσι(ν)	

1. Como vemos, este pronome non leva acento e declínase como un tema en nasal. É unha palabra enclítica e **non pode ir ao principio da frase.**

2. Cando vai seguida doutra enclítica, leva o acento de enclise (na desinencia):

Exemplo: ἄνθρωπός τις ἔχει
ἡδοναί τινές εἰσιν

3. Temos de lembrar que existe un relativo composto do pronome relativo propio + o indefinido e ambos se declinan. A única excepción é ὁ **τι**, **escrita separada** para evitar a confusión coa conxunción ὅτι (que, porque...)

É igual ao indefinido, pero con acento **agudo sempre no í.**

A forma neutra τί pode ter un valor adverbial, traducíndose como **como?, por que?**

* Ás veces aparecen tamén as formas του̃ e τῶ (son idénticas ao artigo, pero sabemos que son interrogativo pola marca de interrogación final)

Outros indefinidos e interrogativos: os seus significados e declinación

ἄλλος, η, ο*	outro, a	2-1-2
ἕτερος, α, ον	o outro, a outra	2-1-2
ἕκαστος, η, ον	cada un/unha	2-1-2
ἐκάτερος, α, ον		2-1-2
πότερος, α, ον (indirecta: ὀπότερος, α, ον)?	cal dos dous (cf. Inglés <i>which one...</i>)	2-1-2
πόσος, η, ον (indirecta: ὀπόσος, η, ον)?	canto	2-1-2
ποῖος, α, ον (indirecta: ὀποῖος, α, ον)?	cal	2-1-2
οὐδείς, οὐδεμία, οὐδέν	ninguén, ningún, ningunha, nada	especial (baseada na 3 ^a e 1 ^a)
μηδείς, μηδεμία, μηδέν		especial (baseada na 3 ^a e 1 ^a)

- * O neutro remata en –ο, non en –ον
 Determinante sen artigo: “outro”; determinante con artigo “o resto de”, “o outro”.
 Tamén pode ter un significado de “diferente”

Une o pronome-determinante co seu significado

	πότερος, α, ον (indirecta: όπότερος, α, ον)?		outro, a
	πόσος, η, ον (indirecta: όπόσος, η, ον)?		o outro, a outra
	ούδείς, ουδεμία, ουδέν		cada un/unha
	έκαστος, η, ον		ninguén, ningún, ningunha, nada
	έτερος, α, ον		cal dos dous (cf. Inglés <i>which one...</i>)
	άλλος, η, ο*		canto
	μηδείς, μηδεμία, μηδέν		cal
	ποῖος, α, ον (indirecta: όποῖος, α, ον)?		ninguén, ningún, ningunha, nada
	έκάτερος, α, ον		cada un/unha